



Agora

Coas
ideas
claras

Baiona

Programa electoral

Agora

_Iago Pereira

_Informe de xestión 2015-2019

_Participación e democracia

_Baiona ben xestionada

_Cultura

_Educación e formación

_En galego

_Baiona feminista

_Baiona social

_Saúde

_Baiona moza

_Baiona deportiva

_Emprego e futuro

_Baiona cun urbanismo sostíbel e realista

_Baiona para vivir

_Espazos públicos e mobilidade

_Turismo, comercio e consumo

_Medio ambiente

_Baiona rural e natural

_Vila Mariñeira

_Val Miñor

_Área Metropolitana

Agora

_Iago Pereira



Como veciño de Baiona e voceiro do BNG síntome orgulloso do traballo institucional e social destes anos xa que, con máis de 70 iniciativas, lideramos á oposición ao PP. Do mesmo xeito, estou moi agradecido ás persoas e colectivos coas que tivemos contacto.

Como candidato do BNG en Baiona non podo sentir máis que honra por ser o compañeiro elixido para ser cabeza dunha candidatura composta por un grupo de mulleres e homes con compromiso e ilusión para transformar a Baiona na Vila que merecemos.

As persoas na cabeza

Baiona precisa dun goberno municipal que escoite e fale coa súa veciñanza, que teña as ideas claras e sitúe as persoas no centro da súa acción política.

A posta en marcha do campo de golf nas Costeiras foi un claro exemplo de actuación de costas á veciñanza. A alternativa para que isto non aconteza é o diálogo, a participación e o contacto cos colectivos para que enriquezan as propostas do goberno municipal.

Así, a nosa proposta da creación do Centro de Interpretación da Natureza do Val Miñor, foi apoiada e consensuada por unha ducia de entidades.

Baiona no corazón

Un compromiso leal á nosa Vila obrando con responsabilidade e tendo en mente sempre o benestar dos baioneses e baionesas.

A desastrosa xestión do PP lastrou esta última lexislatura, xerando un descontento xeral e un enorme custe económico polas múltiples multas. Namentras o BNG, desde o liderado da oposición, tomamos o pulso da política municipal en cuestións tan relevantes como a sanidade pública, a piscina mancomunada, o transporte ou servizos sociais, sempre da man das persoas afectadas en cada caso.

Un goberno coas ideas claras

Este programa electoral é o resultado dun proceso aberto e representa os alicerces para conseguir unha mellor Baiona poñendo en valor todos os nosos recursos patrimoniais, culturais, etnográficos e naturais baseándose na potencialidade das nosas parroquias e antepoñendo sempre as necesidades e participación das persoas.

Queremos unha Baiona que recupere a ilusión cun goberno que dea solución aos problemas, non que os provoque.

O grupo humano do BNG continuamos a sumar apoios e somos persoas preparadas para gobernar con honestidade e traballo construíndo unha alternativa real de futuro para Baiona porque temos as ideas claras. **Agora Baiona, Agora BNG!**

- _ Creación dunha comisión de transparencia e participación veciñal
- _ Hospital Álvaro Cunqueiro de xestión pública e con servizo de transporte
- _ Combate contra a invasión da Vespa Velutina
- _ Solución de problemas no funcionamento da tarxeta de transporte
- _ Denuncia de falta de cobradora nas cabinas da autoestrada AG-57
- _ Denuncia de obras ilegais no Camping Bayona Playa
- _ Adherirse ao compromiso coa carta europea das linguas rexionais minorizadas
- _ Acollerse a subvención dirixida a entidades para actividades do ano Castelao e dinamización do galego no 2016
- _ Construción de baños públicos no campo de fútbol de O Aral
- _ Baiona vila libre de circos e atraccións con animais
- _ Contratación do subministro eléctrico con cooperativas enerxéticas con garantía de uso de enerxía renovable
- _ Participación activa na plataforma en defensa da Foz do Miñor
- _ Baiona concello libre de glisofato
- _ Substitución de ausencias do persoal de radioloxía, fisioterapia, psicoloxía e psiquiatría no servizo de atención primaria de A Xunqueira
- _ Denuncia de pintado de muros privados por parte de persoal do Concello por mor da chegada da etapa de La Vuelta
- _ Petición de que se dea información sobre a opción de cambio de hospital
- _ Instauración do idioma galego na Casa de la Navegación
- _ Colaboración no mantemento en condicións do cemiterio civil de Sabarís
- _ Adscrición ao "Plan revitaliza" de compostaxe
- _ Petición para que a web do concello migre a ".gal"
- _ Denuncia do estado de abandono dos parques infantís
- _ Garantir o subministro eléctrico as persoas sen recursos
- _ Modificación do proxecto inicial da praza na rúa do Reloxo, conseguindo un espazo aberto para uso das persoas
- _ Liberación de peaxe na autoestrada AG-57
- _ Denuncia da substitución do bedel do colexio de Fontes por parte do notificador do concello
- _ Reinversión do superavit orzamentario do concello para servizos sociais
- _ Adecuación do área de descanso na Volta dos Nove
- _ Instalación de puntos de carga para vehículos eléctricos
- _ Aumento da partida de servizos sociais, política de emprego e vivenda nos orzamentos de 2016, 2017 e 2018
- _ Recuperación da partida de 2.000 € para o fondo galego de cooperación interna-

cional nos orzamentos de 2016, 2017 e 2018

- _Recuperación das bolsas de formación nos orzamentos do 2017 e 2018
 - _Adhesión ao programa APEGO
 - _Denuncia do peche do parque infantil da Casa da Navegación
 - _Humanización real da rúa Xulián Valverde pensando nas persoas e comerciantes
 - _Moción da problemática das viaxes as Illas Cíes
 - _Alegacións e oposición ao campo de golf de As Costeiras
 - _Moción sobre o rexistro de documentos no concello
 - _Dotacións e organización do GES
 - _Melloras para o persoal e na xestión da piscina mancomunada de A Ramallosa
 - _Denuncia do estado da Torre da Tenaza do Parador
 - _Moción contra a suba de peaxes nas autoestradas
 - _Moción en defensa do pequeno comercio de Baiona
 - _Facer público e transitábel o camiño de As Maclas
 - _Transporte para o instituto 1º de Marzo
 - _Reubicación do Camping Bayona Playa
 - _Denuncia praga de gatos no Chaparral
 - _Transporte metropolitano para universidade e hospital
 - _Denuncia nominado ao galardón Santos Peralba
 - _Modificación da Lei de portos de Galiza
 - _Apoio ao colectivo LGTBIQ+
 - _Iniciativa en contra da conferencia de Mario Conde en Baiona
 - _Substitución, durante as ausencias, dun pediatra no centro de saúde de Baiona
- 2017 e 2018
- _Alegacións ao IV PIOM do Concello de Baiona
 - _Denuncia atraso na apertura do servizo de cafetería do Instituto 1º de Marzo
 - _Moción para a retirada da simboloxía fascista de Baiona
 - _Moción pola creación dunha tarifa eléctrica galega
 - _Encontro aberto sobre os ventres de aluguer
 - _Apoio aos denunciados e denunciadas pola acción no Pazo de Meirás
 - _Moción en contra da violencia de machista
 - _Apoio aos traballadores e traballadoras de POVISA
 - _Moción pola mellora da sanidade no Val Miñor
 - _Oposición á participación de Sanchez Dragó como conferenciante
 - _Defensa da pesca artesanal diante da normativa europea
 - _Apoio ás demandas de MODEPEN en defensa do sistema público de pensións diante dos contínuos recortes lexislativos
 - _Creación do Centro de Interpretación da natureza do Val Miñor en Sabarís
 - _Oposición á ordenanza que permite a apertura das grandes áreas comerciais os domingos e festivos en prexuízo dos negocios locais
 - _Revisión das bases de participación do concurso de comparsas de entroido
 - _Encontro aberto sobre feminismo e o 8M
 - _Proposta de creación do Museo da Memoria na antiga batería de Silleiro

Ao comezo do pasado mandato a primeira iniciativa que elevou o BNG ao Pleno municipal foi a creación dunha comisión de participación veciñal e transparencia. Transcorridos catro anos, aquela iniciativa que foi aprobada por unanimidade converteuse en papel mollado por obra e gracia dun Partido Popular que non só non cree senón que combate a democratización das decisións que se adoptan no eido municipal, convertendo o Concello nun órgano de involución democrática, recorte de dereitos e liberdades públicas.

É máis ca nunca tempo de compromiso, activismo, implicación e participación, de procura de respostas colectivas. O Concello de Baiona será un baluarte de defensa de dereitos, participación popular e transparencia, como alternativa ao fracaso dun modelo baseado na democracia delegada.

A Concellería de Participación Veciñal como eixo vertebrador da organización municipal

A xestión municipal debe democratizarse e a relación entre Goberno e veciñanza debe ser constante. As opinións e valoracións da veciñanza serán fundamentais en todas as áreas. A Concellería de Participación Veciñal desenvolverá a coordinación entre todas as concellerías e éstas á súa vez cos colectivos sociais e veciñais, dotándose de ferramentas de participación directa. Este contínuo fluxo de comunicación axudará a unha mellor gobernanza e a evitar que xurdan propostas que non contan co beneplácito da maioría. A xestión do goberno non será substituída, son as Eleccións Municipais as que determinan a súa orientación, mais a información constante e relación directa fará partícipes á maioría das decisións do goberno.

Os consellos sectoriais e parroquiais como centro de debate coas asociacións e colectivos

Os veciños e veciñas, que así o desexen, a través dos colectivos poderán participar colectivamente en deliberacións e comisións, a través dos consellos sectoriais e as asembleas abertas de debate. Serán tamén partícipes do seguimento da execución naquelas cuestións que lles afecten. Nos consellos parroquiais estarán representados os diversos colectivos e serán o centro de debate dos asuntos xerais que lles son propios como parroquia.

Regulamento de participación veciñal

intervir en cuestións de relevancia mediante unha normativa que nacerá dun proceso aberto a achegas e que estará en constante debate.

Os consellos sectoriais contarán tamén cunha regulación propia, buscando a súa maior efectividade, sendo un foco de debate mais tamén de propostas

Orzamentos participativos

Regularanse os orzamentos participativos e consultas populares, dentro da capacidade de xestión municipal, con carácter consultivo e dotando regulamentariamente o xeito en que Goberno, colectivos e veciñanza as podan debater. Realízase anualmente unha avaliación da eficacia dos investimentos e proxectos executados, co fin analizar debilidades e fortalezas.

Os plenos municipais como centro de decisión

O Pleno Municipal é a máxima expresión da representación veciñal na política municipal e debe recuperar o seu protagonismo. Por iso trasladarase ao horario máis axeitado para optimizar a participación social. Retransmitiranse en directo mediante plataformas de streaming e crearase un arquivo público dos mesmos, tanto en imaxe como en audio (podcast).

Accesibilidade dos cargos públicos

As tecnoloxías dixitais e as redes sociais serán ferramentas de diálogo directo entre a veciñanza e os órganos e representantes públicos, mais sin perder a esencia do trato directo. Un cargo municipal é un veciño ou veciña co compromiso de xestionar os bens públicos en favor da veciñanza, mais por elo non deixa de ser un veciño ou veciña máis da nosa vila. As xuntanzas abertas serán tamén unha boa oportunidade para achegar posturas e manter un diálogo afastado de intermediacións que podan alteralo.

Transparencia

O tradicional ocultismo cos documentos municipais debe desaparecer. O debate dos orzamentos municipais será participativo para que a veciñanza os coñeza de primeira man e trasladen as súas inquiredanzas.

A información continua da xestión municipal virá dada a través do Voceiro Municipal, un medio plural onde terá cabida non só a labor do Goberno municipal, sinón tamén das iniciativas de todos os grupos con representación, e colectivos que desenvolvan actividades no concello.

Impulsarase a web municipal como espazo informativo, de interacción e participación. Adoptarase o dominio .gal para todas as webs municipais.

Centro de Participación Veciñal

Mediante a adxudicación en concurso público da parcela para construír vivendas protexidas nos Tendais crearase o Centro de Participación Veciñal, dotando de sala de conferencias, arquivo, ordenadores e salas de reunións ás Comisións Sectorais, colectivos veciñais e sociais así como organizacións políticas, sendo o epicentro da participación directa municipal.

É un feito constatábel que existe unha insuficiencia de recursos económicos cos que conta Baiona para atender o elevado número de servizos que se deben prestar á veciñanza porque o actual marco tributario local resulta particularmente inadecuado a respecto das necesidades económicas e financeiras que require a actuación da administración municipal.

O sistema fiscal local é pouco equitativo, ríxido, insuficiente, e as máis das veces, regresivo. A súa reforma pasa pola adecuación das bases á actividade económica actual e por procurar un financiamento máis independente para o Concello.

Neste sentido debemos reclamar a modificación do actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE), propiciando a integración plena da súa transferencia nos orzamentos da Xunta de Galiza e adaptar así a participación ás características do territorio e da organización local galegas e promover a aprobación dunha Lei Galega de Facendas Locais, que constitúa o marco de referencia do financiamento municipal, que promova a autonomía financeira municipal, no que fai referencia á ordenación e xestión dos tributos.

Entre tanto, defendemos a utilización de criterios de reparto alternativos aos establecidos actualmente para as transferencias do Estado, mediante a incorporación, xunto co de poboación, doutros criterios adecuados á realidade dos concellos galegos tales como a extensión territorial, densidade de poboación ou dispersión poboacional.

Política tributaria municipal

A recadación de impostos debe estar ao servizo da veciñanza e para iso debemos utilizar todos os instrumentos fiscais de que dispoñemos para complementar o seu financiamento.

Traballaremos na loita contra a fraude fiscal, aumentando o nivel de recursos dispoñíbeis e mellorando a distribución social da carga fiscal efectiva.

Propiciaremos unha integración paulatina dos servizos de recadación das deputacións coa Axencia Tributaria Galega, para mellorar a capacidade fiscal e a información tributaria dos concellos.

Xestionaremos intensa e eficazmente a captación de recursos diante de outras administracións, incluídos os fondos de programas europeos, para abordar proxectos de infraestruturas das diferentes áreas.

Xustiza e equidade fiscal

As medidas fiscais e de prezos públicos deben ter en conta a necesidade e a capacidade económica da maioría social da poboación. É por iso que aplicaremos criterios de xustiza social no ámbito da fiscalidade municipal, especialmente das persoas desempregadas, das perceptoras de pensións da Seguridade Social na contía mínima e das persoas físicas titulares de actividades dedicadas ao pequeno comercio que atravesan dificultades, reducindo a súa carga tributaria mediante a

modificación das ordenanzas fiscais, taxas e prezos públicos.

Crearemos exencións do cento por cento nos prezos públicos pola prestación de servizos municipais cando acrediten estar en situación legal de desemprego ou sexan persoas perceptoras de pensións da Seguridade Social na contía mínima.

Aplicaremos un sistema de axudas para o aboamento do imposto de bens inmóbeis aos colectivos máis castigados pola crise.

Crearemos o plan tributario personalizado.

Mudanza do Sistema Fiscal Local

Solicitaremos que se devolva o IVE que o Concello paga como consumidor final, nomeadamente nos investimentos. Baiona debe ter maior capacidade na regulación dos impostos directos, particularmente o IBI, co fin de impor gravames impositivos máis altos ás vivendas e locais sen uso en mans de constructoras e bancos, para disuadir da especulación, salvo que se poñan ao dispor de programas municipais de aluguer social e de reactivación da economía local.

Solicitaremos compensacións nos Orzamentos Xerais do Estado por inmóbeis da Igrexa Católica, bens afectos á Defensa, e outros, froito dos compromisos internacionais do Estado e reclamando a tributación dos bens da Igrexa Católica non destinados ao culto.

Plano Económico Plurianual

Implantaremos progresivamente o enfoque plurianual e estratéxico nos investimentos locais. O obxectivo é elaborar un Plano Económico para o mandato da corporación municipal no que queden establecidas as prioridades en materia de investimentos. En dito Plano figurarán as obras a executar no medio prazo, coas partidas que previsiblemente sexan necesarias para a súa execución, dándolle prioridade a investimentos que procuren melloras ambientais e sociais.

Fondo de Cooperación Local

Reclamaremos que as subvencións finalistas hoxe en día previstas nos orzamentos da Xunta que responden a competencias locais se integren no Fondo de Cooperación Local.

Propiciar a negociación con cooperativas de enerxía

O principal obxectivo é rachar coas relacións de intercambio inxustas que padecemos e que nos obrigan a estar sometidas a prezos moi altos no que consumimos (como a tarifa eléctrica ou as peaxes) e moi baixos para o que producimos. Fomentárase a autoproducción e contribuírase en campañas de difusión do modelo cooperativo no mercado da enerxía.

Racionalización do gasto dos servizos informáticos

Realizarase unha migración en todos os departamentos municipais do software privativo ao libre, de xeito paralelo á realización de cursos de adaptación para os funcionarios e funcionarias públicos.

Realizarase un programa de renting informático en todo os equipos da administración local e para todas aquelas asociacións que o demanden, optimizando a inversión en renovación de equipos.

Servizos públicos de calidade

Poñerase en valor o efecto transformador do poder de contratación dos servizos públicos municipais, como operadores económicos que son, con capacidade de intervir e influír nos mercados de bens e servizos, para artellar a economía desde a responsabilidade social que supón a creación de emprego estábel, de calidade e sustentábel.

Empregaranse os servizos financeiros da banca cooperativista galega e da banca ética. Inclúiranse nos pregos de condicións para a adquisición de crédito ou doutros servizos financeiros a exigencia ás entidades dunha declaración de compromiso ético, social, lingüístico e de xénero, nos seus produtos financeiros, empresas ou grupos en que invistan.

Fiscalización do gasto da Corporación Municipal

Realizarase un orzamento detallado dos gastos dos grupos municipais e do Goberno Municipal, optimizando as dotacións económicas aos grupos segundo un orzamento detallado de actividades e actuacións, facilitando para elo ferramentas e medios municipalizados que permitan o desenvolvemento da súa actividade de representación. Estes gastos fiscalizaranse anualmente, adaptando a partida correspondente segundo o informe de xestión aportado por cadanseu grupo municipal.

Plan de prevención e seguridade

Consistirá no deseño dunha estratexia común orientada a identificar, previr e abordar as situacións que xeran problemas de convivencia e inseguridade no noso Concello e co obxectivo de mellorar a seguridade promovendo unha policía local de proximidade fomentando o contacto directo e constante coa veciñanza, comerciantes e escolas, seguindo un concepto de seguridade plural e impulsando e outorgando prestixio ás funcións de prevención e de anticipación.

Os nosos principios no ámbito da cultura é entendela coma unha expresión do que somos como pobo, que toca diversos eidos que se complementan entre si, debe estar inserida na realidade social e lingüística. A cultura construímosa entre todas e todos e ao mesmo tempo transfórmanos. Por iso, asumimos unha política de divulgación, promoción e impulso á creación como un eixo central da nosa actuación municipal.

Creación do Consello de Cultura

Nel estarán representadas as diversas asociacións e axentes culturais do municipio para artellar e coordinar un programa cultural, tecendo unha rede de accións e actividades que duren todo o ano e teñan lugar nas diferentes parroquias de Baiona.

Creación da rede de Casas da Cultura

Para levar adiante o desenvolvemento das súas actividades, as asociacións e colectivos precisan de locais. Creando a Casa da Cultura de Baiona esta será o eixo central de coordinación cultural do Concello. É preciso levar a cabo a reforma do antigo mercado de Sabarís e dotar a parroquia de Santa Cristina dun centro cultural xa que carece del. Manter unha estreita colaboración para o mantemento dos centros culturais xa existentes nas parroquias.

Dinamización cultural

Recuperar, estudar, poñer en valor e difundir todas as manifestacións da nosa cultura popular, realizando un calendario etnográfico e redistribuíndo e racionalizando o gasto.

Promover e impulsar os grupos locais, as artes escénicas, teatro amator, danza e outras expresións artísticas dotándoos espazos e incentivando a creación, facilitando a participación dos mesmos nas actividades organizadas polo Concello.

Readaptación de espazos municipais para a representación de obras de artes escénicas, teatro amator e danza.

Promoveranse dinámicas de traballo e elaboración de materiais que faciliten a incorporación da realidade cultural e patrimonial de Baiona.

Levar a cabo accións que saquen a arte á rúa.

Creación dunha rede de roteiros ambientais, marítimos/mariño, arqueolóxicos e históricos entre outros.

Posta en valor do noso patrimonio cultural mediante a catalogación, inventariado, estudo e coñecemento do patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico, eco-xeográfico, etnográfico e de tradición oral.

Convenios con particulares que posúan bens de interese para fomentar o seu uso público.

Elaboración dun calendario anual cuxo fin sexa dar a coñecer as obras de artistas e autores/as Galegos/as.

Bai de Lilá

Programa cultural feminista e galego. Onde se porá en valor as obras de creadoras galegas de diversos eidos.

Musealización da batería de Silleiro

Solicitud de transferencia do Ministerio de Defensa ao Concello.

Creación do museo da Memoria de Baiona e dun observatorio marítimo valorando a colaboración con entidades para a súa rehabilitación e socialización, tendo sempre presente a indemnización e/ou devolución dos terreos usurpados á veciñanza e á comunidade de montes de Baredo a mans do réxime franquista.

Memoria Histórica

Eliminación da simboloxía e do rueiro alusivo ao golpe de Estado e á ditadura franquista.

Participación activa e institucional no recoñecemento e memoria aos asasinados na "Volta dos nove".

Fomento da investigación e divulgación da historia local como xeito de favorecer a consciencia como pobo galego.

O dereito a unha educación galega, pública e gratuíta é irrenunciabile e desde o Concello de Baiona impulsaranse todas aquelas actuacións que afonden neste compromiso. Unha sociedade xusta e igualitaria fundaméntase nun bo sistema educativo, que promova non só o coñecemento senón tamén o compromiso e participación na sociedade.

Creación do Consello Escolar Municipal

Conformado pola comunidade escolar, debe estar permanentemente implicada no ámbito das decisións municipais, co fin de achegar as súas inquiredanzas e mellorando a calidade educativa no noso concello demandando melloras e servizos á Consellería de Educación da Xunta de Galiza en todos os centros nos que fora necesario, con accións como o servizo docente de audición e linguaxe en todos os centros.

Xornadas de convivencia estudiantil

O Consello Escolar Municipal elaborará un programa por curso académico, coa periodicidade que determine a súa equipa docente, para a realización de actividades culturais e ambientais entre todos os centros do concello na busca de socialización e participación conxunta entre as nosas nenas e nenos.

Actividades extraescolares municipais

O Consello Escolar Municipal creará un programa de actividades extraescolares municipais común para todas as nenas e todos os nenos de todos os centros coordinadas polo concello e en colaboración con asociacións, clubs deportivos e outros colectivos.

Actividades extraescolares gratuítas a nenos e nenas en risco de exclusión social

Ningún neno ou nena debe prescindir das actividades extraescolares nin sentirse excluído por razón da súa situación económica familiar e, se fose preciso, facilitado o material necesario para a realización das actividades.

Axudas a comedores escolares

Información, axuda e colaboración coas ANPAS; dotando, si fose preciso, de partidas orzamentarias para garantir un prezo razoable e que ningún cativo ou cativa, por razóns económicas, quede sin a posibilidade de facer uso dos comedores escolares.

Creación da cociña escolar municipal

Que será a encargada da preparación dos alimentos do servizo de comedores escolares para todos os centros de ensino. Consumindo produtos no comercio local e conseguindo unha calidade culinaria evitando a preparación precociñada que se ofrece a día de hoxe.

Creación dunha segunda Galescola

A actuación do BNG na Xunta de Galiza posibilitou a creación da primeira gardería infantil pública en Baiona. Hoxe, co nome modificado como fin para tentar facer esquecer aquela xestión, a galescola en Baiona resulta insuficiente. Impulsarase a creación dunha segunda galescola de xestión pública.

Por outro lado, demandar que se garanta o horario de tarde na Galescola existente.

Mellora das instalacións nos colexios

Realizaranse aquelas melloras necesarias para que as instalacións deportivas dos colexios teñan calidade de servizo e poidan empregarse durante todo o ano e por entidades externas se fose preciso.

Mantemento e mellora das instalacións exteriores dotándoas de elementos lúdicos e o que fose preciso para o benestar de alumnas e alumnos.

Aula Madruga

Información, axuda e colaboración cos colexios e as ANPAS para impulsar a demanda da aula madruga e obter un prezo razoable.

Bolsas de estudos para as rendas máis baixas

Dentro do programa de servizos sociais dotaranse partidas para material e equipamento escolar (mochilas e roupa deportiva) para que o acceso á educación quede plenamente garantido.

Ensino para adultos

Colaboración coa Rede de Centros Culturais para a realización de cursos de alfabetización de adultos en todas as parroquias. Poñer en funcionamento o CPI Covaterreña como Centro EPA (Ensinanza para Adultos) con cursos para ensinanzas básicas iniciais e de educación secundaria. Demandar á Consellería a implementación do bacharelato.

A relación entre participación e transversalidade fica perfectamente explicitada na política lingüística que se precisa para que o galego posúa a relevancia e proxección que lle corresponden como lingua propia deste país. O noso compromiso coa normalización social da lingua ten de se reflectir en todos os ámbitos de actuación, desde a coherencia persoal até unha acción decidida na sociedade e nas institucións. Os concellos teñen un largo abano de posibilidades de actuación práctica no impulso ao uso social da lingua en ámbitos diversos que permiten avances palpábeis e moita visibilidade e que de ningún modo podemos desaproveitar.

Creación da Concellería de Normalización lingüística

A concellería coordinará, planificará e desenvolverá a acción en política lingüística municipal e, entre outras accións, garantirá o uso do galego en toda documentación municipal e galeguizará o rueiro.

Crearase un Servizo de Normalización Lingüística que contará con orzamento propio, tendo a normalización da lingua galega como obxectivo preferente e central da acción municipal, procurando ésta de xeito activo, dinámico, participativo e integrador.

Promoción do uso da nosa lingua

Plan de acción para a galeguización, dotando de liñas de axuda para o fomento do uso do galego en tódolos ámbitos. O uso e promoción da lingua contará na puntuación das subvencións ás asociacións e colectivos.

Creación do Premio “Carabela Galega”

Recoñecemento daquelas persoas, institucións ou colectivos que teñan contribuído notablemente ao fomento do uso do galego en calquera ámbito

Letras Galegas

Estender no tempo a celebración do día das letras galegas elaborando un calendario no mes de Maio que terá como fin dar a coñecer a obra do/da autor/a, facendo actividades tales como representacións teatrais, recitais de poesía, conta contos, encontros de lectura e demais eventos.

Adicando un espazo tamén de recoñecemento á xeración de autoras/es esquecidas/os e silenciadas/os polos poderes públicos de Galiza que tiveron especial compromiso coa lingua propia e a cultura e a identidade galega.

Coordinación cos Consellos Sectoriais e parroquiais para o uso do galego

Será determinante o labor dos mesmos, ao implicarse os distintos colectivos, entidades e persoas interesadas no deseño e aplicación da política de normalización. Tamén será crucial a coordinación e colaboración co resto dos Concellos da comarca e do país, para desenvolver accións normalizadoras conxuntas tanto a nivel comarcal como nacional.

A violencia machista e o feminicidio continúan a ser unha lacra que ameaza permanentemente a seguranza e a vida das mulleres. Xa que logo, é especialmente necesario pór en primeiro plano aquelas cuestións que afectan a protección, recuperación emocional e ao emprego feminino.

Promover a igualdade entre homes e mulleres pasa por fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista. A actuación municipal ten que desenvolverse en tres áreas: Participación e acceso á información e aos recursos; promoción da igualdade entre homes e mulleres e abordaxe integral da violencia de xénero

Creación do Consello da Muller

Composto por asociacións e colectivos feministas, contará con representación en consellos sectoriais e parroquiais para garantir a transversalidade en todas as áreas municipais. En colaboración e contacto permanente co CIM, promoverá campañas, actividades e demandará axudas da Xunta de Galiza.

Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres

Dotar de partida orzamentaria ao plan xa existente para levar a cabo as actuacións que nel se recollen. Incidindo preferentemente no impulso das actuacións dirixidas a garantir o acceso e a permanencia das mulleres no traballo en condicións de igualdade, nas melloras laborais en sectores de emprego feminizados e apoiando e promovendo a iniciativa das mulleres en proxectos innovadores de actividades profesionais.

Plan de conciliación e co-responsabilidade

Favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral ofertando actividades para as crianzas ao longo do ano. Incorporar cláusulas sociais na contratación pública, coa finalidade de favorecer a selección de empresas que destaquen por desenvolver unha política a prol da igualdade.

Concienciación e visibilización

Desenvolvemento de accións de sensibilización para promover a mudanza de valores e actitudes sexistas en tódolos ámbitos e, particularmente, dende a coeducación.

Impulsar e fomentar o incremento da implicación social das mulleres, promovendo o asociacionismo, os foros de mulleres e a súa participación activa na toma de decisións da comunidade.

Promover a alfabetización informática das mulleres para combater a fenda aínda existente na formación e uso de novas tecnoloxías. Xerar estratexias para que as mulleres avancen na ocupación do espazo público.

Creación dunha sección específica de Igualdade e Xénero na biblioteca municipal.

Convenio coa Xunta de Galiza para o uso das instalacións do centro sociocomunitario de Baiona.

Violencia de xénero

A loita contra esta lacra debe ser unha prioridade política para a Administración local, pois é dende a proximidade como mellor se coñecen e poden afrontar as situacións de maltrato físico, psicolóxico, económico e sexual.

Dar prioridade no emprego a vítimas de violencia de xénero e demandar un servizo de atención específico na oficina do Servizo Público de Emprego.

Apoiar as asociacións que traballan coas mulleres que son ou foron vítimas de violencia machista

Manter e fortalecer o Centro de Información á Muller (CIM) e dos seus servizos de atención psicolóxica e legal, como recurso básico en materia de prevención e de atención directa ás vítimas de violencia de xénero e con atención especial as nenas e nenos vítimas de violencia de xénero.

Reforzamento da participación da veciñanza nas accións de rexeitamento da violencia machista a través de campañas de información e socialización.

Integración da Policía Local ao Sistema VioGén.

A reforma da Administración local que impuxo o Partido Popular, ademais de ser inadecuada para a realidade galega, reforza a recentralización estatal, elimina competencias tanto municipais coma galegas, para impor un modelo de administración vertical e provocar a perda de poder de concellos e das persoas. Entendemos que os Servizos Sociais son un dereito universal e debemos garantir que os recursos sexan repartidos con criterios claros, con xustiza e que cumpran os obxectivos para os que foron destinados. Xa que logo, traballaremos para ofrecer servizos que combatan a pobreza e as desigualdades sociais e apoiaremos as entidades e os movementos que loitan contra estas lacras sociais sen deixar de esixir á Xunta de Galiza o cumprimento das súas obrigas como administración competente na atención social no conxunto do País.

Medidas alén do Concello

Esixir da Xunta de Galiza un Plan de emerxencia social, co fin de paliar a grave situación de pobreza existente. Este incluírá medidas efectivas de natureza económica como o cumprimento dos prazos para o cobra da RISGA e programas de vivenda efectivos que garantan que ningunha persoa ou familia será desafiuzada da súa vivenda.

Reivindicar unha Renda de Garantía Social que impida que ningunha persoa residente caia ou permaneza na exclusión social. Esixir da Xunta de Galiza o mantemento e ampliación do Plan Galego de Inclusión Social, prestado con equipos públicos e en coordinación cos servizos de atención municipais.

Desenvolver programas de Intervención Comunitaria en lugares de especial problemática social, en colaboración co movemento asociativo, ONG-socias, colexios profesionais, etc. Atender situacións de pobreza extrema e favorecer a inserción profesional de grupos de exclusión (desempregados de longa duración, persoas con discapacidade, inmigrantes e vítimas de violencia de xénero)

Promover a creación de máis centros de día e residencias comarcais para persoas dependentes, esixindo a Xunta o seu financiamento e xestión pública.

Combater a desigualdade

Dende a acción municipal axudarase a facer unha Baiona con menos desigualdade e a que outras políticas (urbanismo, recadación, servizos de abastecemento da auga e tratamento de lixo...) se deseñen con criterios de equidade e con axudas a colectivos e persoas desfavorecidas. Na elaboración dos orzamentos municipais prestarase especial atención a dotar aos servizos de protección social de diversas partidas que cubran as necesidades máis básicas coma a alimentación, en especial a infantil, o subministro eléctrico, a calefacción e a auga quente.

Reestructuración dos servizos sociais municipais

Creación de unidades de traballo e educación social integradas por traballadores/as sociais e persoal administrativo. Cuns obxectivos definidos: inclusión social, loita contra a pobreza, formación, prestacións básicas, participación e cooperación social. E áreas para desenvolverlos: Área de información; Área de saúde: uso de medicamentos, nutrición e avellentamento saudábel; Área de convivencia: organización do fogar, educación, nutrición, axuda nos deberes escolares, etc.; Unidade de prevención de dependencia: estimulación cognitiva, podoloxía, xantar na casa e transporte adaptado.

Actuacións sociais básicas

Servizo de inserción: crearanse comisións locais de loita contra a pobreza e a exclusión.

Abrir unha liña de axudas económicas para as familias en risco de exclusión social.

Colaboración con entidades independentes sen ánimo de lucro e con fins sociais.

Crear ou ampliar os programas e servizos de información e atención a persoas idosas: Servizo de Axuda no Fogar, Xantar na Casa, tele-asistencia, transporte adaptado,... tanto municipais como conveniados con entidades ou outras administracións.

Servizo de acompañamento social: bancos de tempo, saídas domiciliarias, acompañamento nas fins de semana para as persoas que vivan soas.

Atender a diversidade funcional, garantindo o acceso de toda a poboación a programas de inserción social e laboral, de lecer e de actividade física ou deportiva.

Programas de concienciación, información e axuda á persoas con adiccións (drogadcción, alcolismo e ludopatía) proporcionando apoio psicolóxico e descontos para realización de actividades culturais e deportivas co fin de axudar a cambiar á hábitos saudábeis.

Emprego social

Crear redes de empresas comprometidas que favorezan a inserción laboral daqueles colectivos máis desprotexidos, "empresas colaboradoras". Esta rede traballará mediante convenios a prol da igualdade de oportunidades entre todas as persoas, a través do establecemento de vantaxes para aquelas que se adiran.

Intensificar a colaboración cos servizos públicos de emprego para canalizar axudas para a contratación de desempregados pola corporación local ou en empresas que colaboran cos concellos.

Do mesmo modo, será promovida a modalidade de contratos reservados para Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Laboral, co obxectivo de fomentar a integración sociolaboral de colectivos desfavorecidos e con especiais dificultades de acceso ao emprego.

Baiona Dependente

Elaboración dun programa Municipal de Dependencia. Programas de formación e axuda as familias con persoas dependentes. Ampliar o Servizo de Axuda no Fogar a todas aquelas persoas con grao de discapacidade e dependencia recoñecida.

Creación do Consello de maiores

Dar continuidade á cidade amigable coas persoas maiores creando o Consello de maiores, que actuará como o órgano propositivo na que a voz da experiencia pode aportar o seu punto de vista. Elaboraremos un regulamento para que este Consello sexa conformado por un grupo plural e diverso de persoas con relevancia social, política ou asociativa.

Promoción da tarxeta "Bai+"

Regularanse descontos en actividades para maiores de 65 anos, mocidade e persoas baixo calqueira protección social.

Baiona Maior

Recuperación de bailes, festas e xogos tradicionais. Promover programas de envellecemento activo e achegar a actividade deportiva ás persoas maiores. Información sobre uso de medicamentos, nutrición e avellentamento saudábel. Programas de turismo termal e actividades como talleres de memoria. Proxectos e espazos de convivencia coas crianzas de Baiona (contacontos, música, manualidades, tradicións orais, etc...)

Baiona Accesíbel

Creación do Consello Accesíbel, integrado por asociacións de persoas con discapacidade e mobilidade reducida que teña participación activa en tódalas áreas do Concello.

Programa Municipal de Accesibilidade e Mobilidade para atender as necesidades específicas: accesibilidade ás praias, eliminación de barreiras arquitectónicas e sensoriais. Atender as necesidades específicas das persoas con discapacidade para achegar programas de actividade física ou deportiva. Integración de nenos e nenas nas actividades para a infancia e creación de campamentos de verán.

Campañas de sensibilización en xeral, e sobre a eliminación de barreiras psicolóxicas e de comunicación en particular.

Impulsar eventos inclusivos para dar visibilidade as diferentes realidades sociais sen excluír a ningún colectivo.

Baiona emigrante

Creación dun departamento de migración que proporcione información e xestión de trámites aos inmigrantes e emigrantes retornados. Programas de alugueiro e vivenda compartida para favorecer a volta da emigración.

Baiona infantil

Programas de sensibilización ante as situacións de indefensión infantil (mendicidade, malos tratos, abusos sexuais, bullying e adiccións). Ludotecas e espazos de xogo en colaboración coas asociacións de veciños, comunidades de montes e centros de día.

Baiona LGTBIQ+

Accións para normalizar, visibilizar, despatoloxizar, formar e informar e con demandas como impulsar a Lei Galega de Identidade de Xénero para conseguir a igualdade de trato e a non discriminación.

Baiona solidaria

Recuperarase a achega anual ao Fondo Galego de Cooperación Internacional, incrementando a mesma até cumprir a obriga acordada por unanimidade en Pleno Municipal. Iniciarase unha colaboración constante co Fondo Galego co de realizar actividades de difusión sobre cooperación nacional.

Creación dun "roupeiro municipal" coordinado coas cos centros culturais e asociacións de veciños onde se recollerá roupa e xoguetes que serán repartidos ás familias que o precisaran.

A sanidade xunto coa educación é un dos alicerces básicos do benestar social. O principio básico de acceso á sanidade pública e gratuíta está poñéndose intencionadamente en cuestión como medio para acadar a súa paulatina privatización. No ámbito municipal non debe descoidarse a defensa deste dereito, reclamando a todas cantas institucións sexan necesarias o seu exercicio e mellor adaptación ás necesidades de baioneses e baionesas.

Consello da Saúde

Como órgano de participación veciñal para o seguimento e avaliación da xestión sanitaria do servizo de atención primaria de Baiona e cun funcionamento dinámico de iniciativas e propostas con actuacións de defensa, impulso e desenvolvemento dos servizos sanitarios públicos.

Divulgación e promoción de hábitos saudábeis

Posta en marcha de programas de promoción de saúde transversais que xeren calidade de vida e aumenten os anos de vida saudábeis. Programas de saúde materno infantil, adolescencia e afectividade, nutrición adecuada, exercicio físico, redución de risco vascular, en particular, o tabaquismo, persoas maiores, persoas con discapacidade e as persoas que as axudan, programa de avellentamento san, información e axudas para as persoas coidadoras.

Demanda da substitución por ausencia do pediatra titular

Estes pasados anos asistimos, durante moitos días, ao peche do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Baiona por falla de substituto nas ausencias do pediatra titular.

Campañas informativas sobre a saúde e cambio hospital

Información periódica e actualizada dos servizos do SERGAS e campaña específica de promoción e información sobre o dereito que temos a veciñanza ao cambio para o hospital público Álvaro Cunqueiro.

Impulso mancomunado de servizos sanitarios

Reforzamento e coordinación das actuacións en materia sanitaria mancomunadamente entre os tres concellos do Val Miñor, reforzando as actuacións nesta materia.

A mocidade é un dos colectivos máis afectados pola crise. A constante destrución dos nosos sectores produtivos trae consigo unha alta taxa de desemprego xuvenil, emigración, dificultade para adquirir unha formación académica e imposibilidade de acceso a vivenda. Xa que logo, o BNG dá urxencia absoluta a implantación de políticas que fagan tornar a mocidade e asegurar un futuro sólido no noso país para mozas e mozas.

Creación do Consello da Mocidade

A mocidade contará cunha ferramenta de diálogo permanente coa administración local, onde terá voz en todos os ámbitos que lles competan.

Asesoramento, formación e promoción do asociacionismo xuvenil

Liña de axudas económicas para a realización e desenvolvemento de proxectos e/ou actividades.

Casa da Mocidade

Será o centro de participación e impulso de actividades, con espazos para o desenvolvemento de actividades culturais, un local de ensaios e unha oficina de información xuvenil.

Fomento do cooperativismo xuvenil

Fomento, promoción e asesoramento do asociacionismo e cooperativismo como futuro laboral, como base social e como acceso á vivenda.

Plan de emprego e de retorno da emigración xuvenil

Adaptado á realidade de Baiona. Bolsas xuvenís de vivendas en alugueiro a prezos accesíbeis.

Apoiar proxectos emprendedores a través do acompañamento do desenvolvemento desde o inicio, creando espazos gratuítos de coworking de uso individual e compartido, onde convivan diversas culturas profesionais coas que obter sinerxías.

Potenciar a creación de bolsas destinadas a titulados e tituladas superiores, para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.

Crear un servizo de seguimento da mocidade desempregada, coa finalidade de garantir e procurar a súa introdución no mundo laboral.

Impulsar a creación dunha rede municipal e/ou comarcal de empregabilidade para xente moza.

Xuventude saudábel

Colaboración, divulgación e realización de campañas informativas de saúde, sexualidade, ludopatía e drogodependencia.

Regular con ordenanzas municipais a prohibición de publicidade e control do acceso ás apostas deportivas.

Bai de Mocidade

Consistirá nun programa con calendario anual de actividades culturais, de lecer e deportivas que incluírá unha festa da mocidade. Promocionando e impulsando a creación de lugares de encontro xuvenil no que ter acceso á historia, cultura, exposicións, produtos e música de Galiza.

A promoción da práctica deportiva con inclusión da perspectiva de xénero, para todas as idades e con diferentes capacidades, abrindo totalmente infraestruturas e fomentando por igual todas as modalidades contribúe a fomentar hábitos de vida saudábeis entre a poboación, constitúe unha alternativa no tempo de ocio que facilita o contacto entre veciñas e veciños e fomenta valores de esforzo, respecto e amizade.

Consello Municipal do Deporte

Asuntos como a revisión de prezos das actividades do pavillón, atendendo especialmente ás familias con rendas máis baixas, serán tratados no Consello Municipal do Deporte, buscando unha dobre vertente: vencellar as decisións aos clubs e veciñanza que impulsan a práctica deportiva e evitar que calquera baionés ou baionesa deixe de practicar o seu deporte preferido por falta de recursos. Realizar un censo das instalacións deportivas públicas, municipais e comarcais, para optimizar o seu uso será outro dos seus obxectivos.

Promoción do deporte

Potenciarase e axudarase a aqueles clubs deportivos que primen un modelo educativo-deportivo de superación da discriminación por sexo e a diversificación deportiva. Convenios de colaboración cos clubs para a promoción periódica e constante do deporte no entorno escolar, facilitando o acceso ás competicións deportivas. Fomento da constitución de clubs de deportes tradicionais. Celebración de torneos e competicións locais e doutro ámbito que axuden á difusión de deportes minoritarios e, á súa vez, sitúen a Baiona no mapa das competicións estatais e internacionais.

Fomento dos deportes tradicionais

Colaboración cos clubs para o fomento dos deportes tradicionais entre a veciñanza en xeral, e coa mocidade en particular creando unha liga escolar de deportes tradicionais e xogos populares.

Impulso da práctica doutros deportes tradicionais, nomeadamente os relacionados co ámbito mariñeiro.

Deportes recreativos

Promoverase o deporte recreativo como factor de lecer.

Elaboraranse actividades no medio natural, programas de camiñadas, circuitos populares, roteiros, deportes marítimos, etc.

Infraestruturas

Habilitar e facer accesíbeis espazos naturais, rurais e urbanos, respectuosos co medio ambiente, para a práctica de actividades integradas no medio.

Optimización do uso tanto das instalacións municipais como as dos centros educativos para a súa utilización fóra do horario lectivo, en colaboración coa administración educativa e co tecido asociativo deportivo.

Acondicionamento, na medida do posíbel, das instalacións municipais ás necesidades deportivas de cada club, ás esixencias federativas para as competicións e ao uso como un servizo público de cantina limitado.

Apoio no mantemento adecuado dos campos de bolos celta existentes e valoración da construción dun campo na parroquia de Baiña promovendo e impulsando á fundación dun clube de bolos.

O actual modelo político que nos impoñen favorece a destrución de emprego e dificulta desenvolver as nosas potencialidades económicas manténdonos en cifras moi altas de desemprego, con traballadores/as en precario, cuns empregos a tempo parcial por días e por horas, con horarios de escravitude e expulsando continuamente poboación.

A pesares de que o estado español limita aos concellos tanto na contratación de persoal como nas políticas de emprego é posíbel xerar emprego desde o Concello. Para o BNG é prioridade absoluta camiñar cara á soberanía fiscal e impulsar e dinamizar a economía local coa posta en valor de recursos endóxeos para atinxir un modelo de crecemento económico sustentábel.

Así, a política económica que ten deseñada o PP para Baiona xira en torno a un só tema: o turismo de verán. Xa que logo, só se xera emprego temporal de tres meses ao ano. Poñendo en valor os nosos recursos etnográficos, mariños, histórico-artísticos, eco-xeográficos e arqueolóxicos xeraremos emprego durante todo o ano.

Baiona non é unha vila pobre senón empobrecida

Para ter futuro é fundamental romper coas políticas de recortes e investir nos nosos recursos con políticas adecuadas e libres de imposicións alleas. Apostar na creación de emprego público vinculado a servizos básicos locais para a poboación, como vía prioritaria para crear emprego estábel, e especificamente dirixido aos sectores de poboación que presentan taxas máis altas de desemprego, como son as mulleres e os mozos e mozas. Para tal fin, reclamaremos a supresión da limitación á creación de emprego público destinado á creación, reforzo e ampliación de servizos públicos locais, establecida nas leis orzamentarias do Estado e de Galiza.

Elaboración dun plano de desenvolvemento local

Baseado na análise previa da situación socioeconómica de Baiona, as súas potencialidades de desenvolvemento e a determinación dos sectores estratéxicos planificando a actuación en sectores produtivos propios que pauten procesos de recuperación económica, social e mesmo cultural. En base a este plan crearanse puntos de desenvolvemento local, que serán os encargados de informar, asesorar e promocionar os sectores estratéxicos.

Impulsar un acordo local para a creación de emprego desde unha perspectiva integrada e participada, en que se fixarán as directrices xerais básicas entre todos os axentes implicados, públicos e privados.

Impulso dos sectores estratéxicos

Dar a coñecer a baioneses e baionesas os sectores estratéxicos, lanzando iniciativas que poñan en valor os nosos recursos e que contribúan a unha loita activa contra o desemprego xa que neles podemos encontrar grandes oportunidades para a contratación ou xacementos para proxectos innovadores de iniciativas e actividades profesionais. Fomento e apoio do cooperativismo e iniciativas locais de

emprego baseados nos principios de reparto xusto da riqueza e emprego de calidade. Baixo estes criterios, posta en marcha dun viveiro municipal de empresas para a promoción do autoemprego e pequena empresa, e impulso da xa existente. Aproveitamento dos planos europeos para políticas de desenvolvemento económico e emprego no rural.

Desenvolvemento industrial

Facilitar a implantación de industrias de primeira transformación da produción agraria, pesqueira e marisqueira local. Simplificar os trámites meramente administrativos (sen relación coa protección patrimonial ou ambiental) no establecemento destas empresas. Conceder bonificacións fiscais até a súa consolidación.

Cursos de formación de adultos

Colaboración coa Rede de Centros Culturais para a realización de cursos de formación ocupacional, programas de iniciación profesional para a mocidade, obradoiros de emprego e escolas taller.

Apoio específico das escolas-obradoiro centradas en recuperar a artesanía local, así como oficios especializados con alta demanda no mercado laboral e a recuperación de oficios que impliquen reparación, mantemento, reutilización e reciclaxe local de materiais e produtos usados.

Operarias e operarios municipais

A revisión, negociación e aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT) é a solución a nefasta xestión do PP de Baiona que carrexou ao Concello múltiples multas, constantes problemas coas traballadoras e traballadores municipais e creación de postos de traballo por sentenzas xudiciais.

Baiona cun urbanismo sostíbel e realista

O planeamento urbanístico debe ser a principal ferramenta para garantir o cambio de modelo económico e residencial de Baiona. Para elo é preciso reformular as falsas previsións reflectidas no actual PXOM e desterrar a figura dunha Baiona que xustifica un irreal crecemento poboacional baseado única e exclusivamente no aumento da edificación especulativa. Os fluxos demográficos prodúcense polas necesidades laborais. Baiona non pode crecer urbanísticamente namentres a nosa mocidade emigra en busca de traballo e salarios dignos. Do mesmo xeito, as rendas de aluguer ou compra si non son as axeitadas ás rendas da poboación crean unha oferta que en ningún caso concordan coa demanda.

Reformas do PXOM

Suprimírase o Plan Especial das Costeiras en Baredo, impedindo a construción dun campo de golf na nosa vila, compromiso adquirido en exclusiva polo BNG nas Eleccións Municipais do 2015 e agora masivamente rexeitado pola veciñanza e por outras formacións políticas que antes das protestas veciñais estaban a favor da súa construción.

Do mesmo xeito, bloquearase a posibilidade de permitir macroproxectos similares si non son previamente refrendados por unha maioría social.

Reubicarase o ineficaz polígono industrial de Baíña, buscando unha localización que permita que se desenvolva e dea servizo ás pequenas empresas que demandan solo para realizar a súa actividade e xerar emprego.

Promoverase o debate sobre como protexer o ámbito da Praia Ladeira co desenvolvemento do Plan Especial de Protección en Praia Ladeira, contando coa participación da veciñanza previamente á exposición pública, buscando unha alternativa que traslade o Camping Bayona Playa, permitindo que poda continuar coa súa actividade turística na parroquia de Santa Cristina e ao mesmo tempo se recupere o espazo incluído na Rede Natura 2000 da praia da Ladeira.

Recuperarase a batería de Cabo Silleiro, desenvolvendo o Plan Especial de Protección Batería - Cabo Silleiro, creando o Museo da Memoria a través dun convenio de colaboración con entidades sin ánimo de lucro e traballando para que se compense ás veciñas e veciños que viron usurpados os seus terreos.

Continuarase coa humanización de Sabarís, contando coa participación da veciñanza durante a súa execución e adecuando o seu ordenamento á necesidades reais da mesma, sempre baixo o prisma de que os espazos públicos son patrimonio das persoas e non dos vehículos.

Na transición dunha vila mariñeira a unha netamente orientada ao turismo os distintos planeamentos urbanísticos esqueceronse das persoas e caeron sucesivamente na especulación. Agora as consecuencias son a existencia de moitas vivendas baleiras durante a maioría do ano e moitas baionesas e baioneses tendo que mudarse a outras localidades polos altos prezos e escaseza de vivenda dispoñíbel para a residencia habitual.

Vivenda protexida

Construiranse vivendas públicas de aluguer autoxestionado nos Tendais e no Burgo. Promoverase o cooperativismo non só no eido residencial senón tamén no desenvolvemento urbanístico. Calquera desenvolvemento urbanístico conlevará a posta en marcha de proxectos de vivenda protexida que cubran as necesidades daqueles sectores con maiores dificultades para acceder a unha vivenda digna. Impulsarase a Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico-Artístico, cunha política activa de rehabilitación para a residencia habitual e permanente, asesorando e colaborando cos propietarios.

Activación do parque de vivendas e locais comerciais

A través da imposición de gravames adicionais na tributación local ás vivendas e locais comerciais sen uso en mans de constructoras e bancos, disuadirase da especulación, incentivarase a posta en marcha de programas de aluguer social e de reactivarase a economía local.

_Espazos públicos e mobilidade

Os espazos públicos son elementos fundamentais da socialización e da cohesión social e por tanto deben poder ser utilizados en boas condicións por toda a poboación. Expulsar as persoas do espazo público é un grave atentado á igualdade de oportunidades. A invasión indiscriminada dos automóbiles nestes espazos forzou unha privatización que temos que reverter. Traballaremos na dirección de conseguir espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros, con usos plurais, en definitiva, centros de socialización e convivencia. Isto implica unhas modificacións profundas na mobilidade, cun necesario troco das prioridades actuais á peón, bicicleta, transporte público e automóbil.

Dar coherencia a esta nova relación supón un cambio moi profundo en todos os ámbitos: prioridade de pavimentos, de iluminación e de niveis dos circuítos, así como a unha elevada redución e pacificación do tráfico motorizado individual mediante o impulso -mesmo a partir das xestións coas administracións competentes- do transporte público colectivo. No deseño do Plan de Transporte da Xunta de Galiza que se está a negociar deben contemplarse solucións as problemáticas xurdidas recentemente

Estudo de mobilidade

As asociacións, colectivos e empresas de transporte deben participar na elaboración dun Estudo Municipal de Mobilidade. A súa aplicación debe asentarse no fomento de políticas activas de concienciación e impulso do uso do transporte público, os tránsitos a pé e o uso da bicicleta. Terá unha especial importancia neste estudo a comunicación co centro de saúde, o instituto 1º de Marzo e o transporte público nocturno, sendo unha ferramenta de prevención de accidentes e permitindo á mocidade desfrutar do lecer nocturno, mais correxindo as incidencias que se produciron no pasado.

Transporte interparroquial

O propio transporte metropolitano posibilitará a inserción do transporte interparroquial, reducindo o distanciamento entre as parroquias do noso concello, o tráfico e a contaminación ambiental e acústica e, de igual xeito, pode ser unha posible solución para a comunicación co centro de saúde de Baiona, co instituto, co CIM e coa futura Casa da Mocidade.

Apertura de novos accesos

Rehabilitase o tránsito polo Camiño Real, á altura da Ponte Nova, mais protexéndoa e limitando o tráfico por anchura e peso.

Abrirase o vial de acceso entre a Urbanización Vista Real e o Barrio da Anunciada, dotando un novo acceso ao centro de Baiona e facilitando o tránsito alternativo á PO-552.

Habilitarase o acceso e saída á AG-57 desde Baiña e Covaterreña.

Programa Municipal de Transporte

En colaboración con colectivos e asociacións elaborárase un programa de transporte adaptado para fomentar o uso de transporte público entre as persoas con diversidade funcional. O Plan de transporte metropolitano establecerá rutas que comuniquen a Universidade de Vigo e o Hospital Álvaro Cunqueiro coa nosa vila

Rutas escolares seguras

Nos ámbitos urbanos e vilas sinaláranse rutas para fomentar o desprazamento a pé das crianzas até as escolas.

Aparcamentos disuasorios e zonas verdes para residentes

A tendencia urbanística e a ausencia dunha política activa de mobilidade entregou os espazos públicos ao coche, privando delas á veciñanza. Realizaremos campañas e regulacións en favor da mobilidade peonilizada ou do pequeno vehículo, creando unha rede de aparcamentos disuasorios arredor dos espazos de maior densidade poboacional e comercial, dotándoos de zonas de aparcadoiros para residentes (zonas verdes), co fin de que o comercio sexa beneficiado polo incremento do tránsito peonil.

Puntos de recarga para o coche eléctrico

A cada vez máis extensa comercialización de vehículos eléctricos con necesidade de recarga xera unha oportunidade turística que, ademais, promove un uso máis saudábel do transporte privado. A posta en marcha de puntos de recarga para o coche eléctrico situará a Baiona no mapa de rutas dos usuarios e usuarias de vehículos eléctricos.

Do mesmo xeito, a renovación do parque municipal de vehículos potenciará a incorporación progresiva de vehículos eléctricos. Modificaranse as ordenanzas urbanísticas para que todo edificio de nova construción deba dotarse da infraestrutura básica necesaria que posibilite a recarga eléctrica.

Xeralizarase a instalación de puntos de recarga nos edificios públicos do concello de Baiona onde sexa posíbel, nomeadamente no aparcadoiro dos Tendais, habilitando prazas exclusivas para vehículos eléctricos e cunha bonificación nos prezos de aparcamento.

_Turismo, comercio e consumo

Que o modelo económico que transformou Baiona nas últimas décadas sexa errado, centrándose exclusivamente no turismo e na residencia de tempada, des-coidando tanto a calidade do mesmo como os restantes sectores produtivos, non quere dicir que un cambio de modelo máis sostíbel e plural deixe de apostar polo que ten que seguir a ser unha das principais fontes de riqueza e emprego en Baiona. A desestacionalización debe ser obxectivo prioritario e deixar de ser un mero discurso baleiro de contido. Impulsaremos un modelo de turismo diferente, que evite as concentracións de beneficios nuns poucos meses namentres a veciñanza, o medio ambiente e o patrimonio padecen a maior parte das consecuencias negativas. O modelo será transversal, tendo en conta a actividade no emprego, no medio ambiente, a mobilidade e a vivenda poñendo en valor os nosos recursos patrimoniais, culturais, etnográficos e paisaxísticos para conseguir un turismo sostíbel, respectuoso co medio e de calidade que sitúe a Baiona como o referente neste eido.

Consello do Turismo e Comercio

As entidades, asociacións, comerciantes e veciñanza en xeral vencelladas ao sector turístico e comercial terán interlocución directa coa administración local a través do Consello do Turismo e Comercio. As políticas e campañas turísticas deseñaranse colectivamente, racionalmente e na busca de novos obxectivos estratéxicos. Valoración da creación de taxas turísticas coa finalidade de reinversión no sector. Deseño de novos folletos que reflectan todas as opcións turísticas en todas as parroquias.

Unha Baiona activa todo o ano

Reforzaremos todas as potencialidades para acadar sector turístico e comercial constante durante todo o ano, apoiando as actividades de lecer ao aire libre, o turismo activo, deseñando un calendario anual de actividades culturais e en todas as parroquias.

Comercio de proximidade

Divulgaremos e apoiaremos o pequeno comercio fronte ás grandes superficies, suprimindo a autorización especial nos horarios de apertura, axustando as taxas por aluguer de postos nos mercados de abastos, realizando campañas activas de fomento do comercio de proximidade, establecendo programas formativos que impliquen melloras na calidade, xestión e administración.

Fomento do movemento asociativo da/os consumidora/es

Ante unha problemática colectiva o Goberno Municipal será o primeiro en impulsar o asociacionismo, fomentando a constitución de plataformas de afectados, dándolle voz e visibilidade ante calquera estamento que sexa necesario, colaborando na procura dunha solución. O primeiro lugar onde os veciños e veciñas

fagan oír as súas demandas serán no Pleno Municipal, onde terán voz e terán garantida a súa asistencia.

Fomento de campañas a prol dun consumo responsábel e do comercio xusto

Realizaranse campañas de concienciación e colaboración co pequeno comercio para fomentar o consumo xusto, responsábel e ético e con axudas directas á súa posta en marcha por iniciativas locais. Fomentar a adquisición de produtos locais (do agro e do mar) nos servizos municipais.

Parque de caravanas

Crearase un espazo cos servizos necesarios para que os usuarios e usuarias de caravanas sitúen Baiona no seu mapa de rutas.

Software libre

Abriranse liñas de axuda a colectivos e entidades sen ánimo de lucro que participen na difusión e uso do software libre, facendo extensivo o seu uso ao conxunto da veciñanza.

Festa da Arribada

Realización dun estudo de viabilidade cos obxectivos da ampliación dos días de celebración para evitar a masificación puntual de visitantes, ampliar a oferta cultural, actividades en todas as parroquias e conseguir unha participación socio-cultural das entidades e o ensino.

De igual xeito, centrar a celebración da festa na chegada a Baiona da Carabela "La Pinta" e súa vinculación coa chegada europea ao continente americano que supuxo un acontecemento histórico e un notable avance para a humanidade pero sen ocultar o saqueo e exterminio de seres humanos que descubriran o continente milleiros de anos antes.

Apostamos pola ecoloxía sustentábel, a xustiza ambiental e en contra do maltrato animal cuns servizos básicos municipais que serán eficientes e equitativos no acceso a eles. Para alén disto, apostar decididamente pola reciclaxe da materia orgánica ou compostaxe, e a recollida selectiva, coa implicación de todos o sectores sociais, que significan unha preferencia por solucións de baixa tecnoloxía que son as alternativas ambientalmente máis sustentábeis e economicamente máis viábeis.

Natureza ambiental

Elaboración dun plan de protección do patrimonio medioambiental e da flora e fauna con medidas para a súa conservación, restauración e posta en valor.

Desenvolver e elaborar planos de actuación para a defensa e protección da Marisma do Miñor e Punta de frecha da Ladeira.

Campañas de sensibilización para evitar o abandono de animais e sobre a súa hixiene social, sobre cambio climático e implantar unha nova cultura da auga.

Elaboración dun programa de educación ambiental, loita contra o cambio climático e sensibilización social.

Campañas de información e apoio económico e/ou de intendencia ante especies invasoras tanto animais coma vexetais, en especial e de maneira inmediata pola ameaza que supón, da Vespa Velutina.

Demandar nas administracións e Concienciar a sociedade da toxicidade de uso de herbicidas, pesticidas e funxicidas a través de campañas informativas e declarar Baiona Concello libre de glifosato.

No Plano Económico, en materia de investimentos, darase prioridade aos que procuren melloras ambientais e sociais.

Enerxía

Facilidades, difusión e asesoramento técnico á poboación sobre o modelo cooperativo no mercado enerxético e uso de enerxías limpas e alternativas.

Soterrado de liñas de media tensión en núcleos de poboación e de baixa tensión que afecten a conxuntos histórico-artísticos e monumentos.

Substitución paulatina das fontes de enerxía non renovábeis nos edificios públicos por biomasa forestal residual provinte dos montes veciñais en man común e dos residuos vexetais da veciñanza.

Estudo de valoración para a redución da contaminación lumínica.

Abastecemento de auga e residuos líquidos

O obxectivo e dar un tratamento adecuado, eficaz e eficiente a todo o ciclo da auga. Garantir o sistema de saneamento (en colaboración coa Xunta da Galiza) procurando as solucións máis adecuadas no caso de carecer del.

Regulación de usos directos e indirectos: doméstico, enerxético, industrial, e agro-gandeiro.

Colaborar coas comunidades de augas para garantir auga de calidade e en cantidade suficiente para os núcleos rurais.

Separación de fecais e pluviais en todos os sumidoiros.
Sempre que sexa viábel, abordaranse tratamentos que tendan ao reemprego da auga para usos produtivos.

Tratamento de residuos sólidos urbanos

Campaña de sensibilización social e escolar, potenciando a redución, reutilización, reciclaxe, compostaxe e biomasa ante a incineración.

Na medida do posíbel, saída do tratamento por incineración de SOGAMA.

Revisión do modelo e frecuencia de recollida rural e urbana que garanta unha separación de calidade da materia orgánica e das demais fraccións do lixo no que primen a recollida de calidade, a autocompostaxe e a redución da produción de residuos..

Recuperación da xestión pública do punto limpo, ampliando horarios e servizos.

Aposta decidida na compostaxe municipal, doméstica e comunitaria. Valorando a creación de máis puntos de compostaxe municipal.

Limpeza periódica dos contedores do lixo, dos ríos e do mantemento das sendas fluviais.

Reutilización das algas da Ladeira como abono agrícola para a veciñanza que o demande.

Fomentar e apoiar a posta en funcionamento da planta de aproveitamento de biomasa da Mancomunidade de Montes Veciñais en man común do Val Miñor para a produción de abono/compost e sinatura de convenio para a recollida de restos vexetais.

Propoñemos un modelo territorial sustentábel que garanta o equilibrio, o desenvolvemento urbanístico racional, a protección do ambiente e da paisaxe e a defensa contra as agresións ao noso medio natural, ao sistema litoral, á rede hidrográfica, ás zonas adecuadas para o cultivo, ás zonas de montaña, ás fragas e especies autóctonas e, en xeral, aos sistemas produtivos propios. A concepción do rural como espazos produtivos, colectivos e naturais e a busca da multifuncionalidade e posta en valor das terras (privadas e comunitarias) é o método máis eficaz para loitar contra os lumes forestais e ser un alicerce para ser unha fonte sostible de xeración de emprego e fixación de poboación.

O BNG cremos profundamente na posta en valor do grande patrimonio medioambiental que temos en Baiona e no Val Miñor, coma un dos xeitos máis eficaces de coñecer e protexer o medio ambiente e de conseguir a desestacionalización turística.

Creación do consello rural

Formado polas entidades e colectivos vencellados ao sector, terán interlocución directa coa administración local para, entre outras funcións, o deseño dos obxectivos estratéxicos.

Elaboración dun plan de desenvolvemento rural dirixido a incentivar as actividades produtivas e con dotación das infraestruturas necesarias.

Defender a soberanía alimentar e apoiar ao sector primario para manter un mundo rural e mariñeiro vivos.

Deseñar e organizar campañas de actividades con voluntariado será outra función do consello.

Impulso a proxectos transformadores

O rural de Baiona ten potencialidade suficiente para ser unha fonte sostible de xeración de emprego e fixación de poboación impulsando as actividades agrícolas e gandeiras propias que respecten o medio natural.

Realizando proxectos e colaboracións coas producións agrícolas, gandeiras, forestais e de produtos do monte.

Promover e potenciar as terras de carácter privado que a día de hoxe están improdutivas.

Facilitando tamén ás saídas da produción, quer na comercialización quer na transformación.

Monte e gando

As Comunidades de Montes Veciñais en Man Común son parte da nosa historia e do noso patrimonio asociativo. Porén, hai que pór en valor o funcionamento asemblear, a xestión comunitaria dos recursos e a defensa da propiedade comunitaria.

Apoio a proxectos impulsados polas Comunidades de montes veciñais en man común e sinaturas de convenios de colaboración coa finalidade de valorizar as funcións que benefician a sociedade no seu conxunto, tales como rotas de sen-

deirismo, áreas de lecer, preservación do bosque autóctono, paisaxe, fixación CO₂, etnografía ou restos patrimoniais.

Convenio para a creación dun viveiro comunitario de planta autóctona co fin de ter garantido as necesidades e evitar os problemas para a súa adquisición.

Colaboración coas iniciativas dirixidas a regularización e ordenación de gado salvaxe.

Fomento e posta en valor do gando como oportunidade laboral e os seus beneficios socio-ambientais.

Incendios forestais

Campañas de concienciación escolar e social poñendo en valor a multifuncionalidade dos nosos montes e a recuperación de bosque autóctono como a loita máis eficaz contra a prevención de lumes.

Colaboración e apoio as iniciativas dirixidas a ordenación do monte e a prevención de incendios forestais das comunidades de montes e asociacións.

Información á veciñanza sobre o mantemento de faixas de xestión de biomasa nas proximidades dos asentamentos de poboación.

Creación dunha cuadrilla forestal municipal conveniada coas comunidades de montes coa función de realizar tarefas de prevención e extinción.

Reclamar da Xunta a recuperación da profesionalización das brigadas forestais baixo mando único da administración galega.

Centro de interpretación do Arte Rupestre

En base á situación e riqueza arqueolóxica existente na Estación de Arte Rupestre de Outeiro dos Lameiros, crealo en colaboración coas comunidades de montes en xeral e, coa de Santa Cristina da Ramallosa en particular por ser a propietaria.

Será o centro referencial e dinamizador do amplo patrimonio arqueolóxico existente no noso concello fomentando a súa divulgación, posta en valor, protección e conservación.

Centro de Interpretación da Natureza do Val Miñor

Situado en Sabarís, no actual Centro Antena A Foz do Miñor, será o centro de referencia dos valores ambientais e recursos naturais do Val Miñor e a Enseada de Baiona poñendo o patrimonio ao servizo do desenvolvemento comunitario e da cohesión social, establecendo vencellos cos distintos sectores da poboación e fomentando a participación na súa protección, conservación e dinamización.

Divulgará toda a riqueza natural, etnográfica e, de xeito particular, aos centros de ensino artellando un calendario escolar de actividades.

Dinamizará Baiona e o Val Miñor con constantes actividades para dar a coñecer o valor paisaxístico e patrimonial tanto natural, como histórico-artístico e etnográfico. Será o centro neural do desenvolvemento e posta en valor do turismo rural, medioambiental e patrimonial.

O BNG levamos ao parlamento galego e ao pleno municipal unha iniciativa para modificar a lei de portos de Galiza para permitir a pesca deportiva no muelle e ao parlamento europeo á defensa da pesca artesán. Xa que logo, reivindicamos a vila mariñeira que é Baiona, impulsando e defendendo a pesca e o marisqueo en todos os estamentos.

O porto de Baiona debe cobrar maior importancia, tendo que contar cos medios necesarios para elo pero para isto é fundamental suprimir a contaminación da ría e da marisma da Foz do Miñor.

Traballo e riqueza

Impulso e apoio das actividades de pesca e marisqueo.

Defensa do dereito dos mariñeiros galegos a vivir do seu traballo contribuíndo á elaboración dun plano de viabilidade do sector.

Apoio aos produtos da Confraría de Pescadores e colaboración coas súas actividades.

Celebración de actividades de exaltación dos produtos da pesca e o marisqueo.

Facilitar a implantación de industrias de primeira transformación da produción pesqueira e marisqueira local simplificando os trámites meramente administrativos (sen relación coa protección patrimonial ou ambiental) no establecemento destas empresas.

Creación do Museo da Vila

Posta en valor da tradición e historia mariñeira de Baiona transformando o actual Museo da Navegación.

Rotulación da toponimia baionesa relacionada co mar a través de miradoiros.

Promoción de actividades de divulgación do noso patrimonio e historia marítimo.

Obradoiros de artesanía mariñeira.

A Mancomunidade de Concellos do Val Miñor é o ente administrativo representativo da nosa comarca. Independentemente do papel que poida e decida asumir no futuro, en determinados asuntos, consideramos que as necesidades do territorio miñorán e de cada un dos tres municipios que o integran, fai recomendable a adopción dunha visión supramunicipal que promova estratexias territoriais e iniciativas compartidas polos tres concellos nos diversos sectores de interese común.

Promovendo a cooperación, coordinando políticas, compartindo e intercambiando recursos levaranse a cabo unha maior cantidade de actividades conxuntas nos diferentes eidos dun xeito máis útil, eficaz e efectivo cos conseguintes beneficios para a veciñanza.

Participación e xestión

Reforzar a entidade como un espazo de diálogo e consenso político para coordinar e programar accións conxuntas e tamén para actuar con maior capacidade de presión sobre outras administración en asuntos que afectan directa ou indirectamente aos tres concellos.

Establecer mecanismos de traballo cooperativo para promover ou participar en proxectos co obxectivo de captar axudas que financien iniciativas de interese común.

Transparencia e participación directa da veciñanza a través dos colectivos, promovendo reformas estatutarias que fagan máis operativa a entidade e democratizen os órganos de goberno, modificando, entre outras cousas, o método de elección da presidencia, eliminando o seu carácter rotatorio actual; facilitar a asistencia pública ás sesións plenarias e a retrasmisión en diferido dos propios debates e dos acordos acadados a través dun portal de información propio.

Promover a creación dos órganos de participación que se consideren precisos, nomeadamente consellos sectoriais.

Fortalecer e consolidar aqueles servizos e equipamentos que funcionan axeitadamente e modificar ou suprimir os que non cumpren axeitadamente cos obxectivos para os que foron creados.

Estudar a viabilidade de ampliación de servizos e equipamentos de xestión mancomunada, sempre que resulte conveniente e de acordo cos criterios de xestión e reparto de gastos que resulten máis eficaces e xustos.

Cooperación supramunicipal

Procurar a maior coordinación posible en actuacións como en estudar conxuntamente o impacto de proxectos e directrices promovidas por outras admi-

nistracións ou entidades que poidan implicar unha afectación directa ao territorio e nos planeamentos urbanísticos do Val Miñor, con especial atención aos espazos limítrofes dos termos municipais, as áreas de protección e as reservas de solo para futuras dotacións mancomunadas ou de interese común.

Demandar da Xunta de Galiza a gratuidade da AG-57 para que sexa unha vía de intercomunicación rápida entre os concellos miñoráns e de conexión da nosa comarca con outras localidades e polígonos empresariais a nivel metropolitano e galego, favorecendo que boa parte do tránsito automobilístico e de transporte pesado evite circular polas vías secundarias das localidades, cos prexuízos ambientais e sociais que comporta.

Demanda de servizos de transporte público en condicións que dean resposta ás necesidades de intercomunicación entre os tres municipios e garanta unha óptima conectividade da nosa comarca con Vigo, con equipamentos e servizos principais, como o Campus universitario, o Hospital Álvaro Cunqueiro ou as futuras estacións centrais de transporte público (ferrocarril e autobuses).

Promover, en acordo coas comunidades de montes e axentes implicados, accións e medidas concretas para protexer e poñer en valor os nosos espazos naturais, con especial atención ao val do Miñor e as serras do Galiñeiro e da Groba, como parte dunha estratexia global de protección do patrimonio natural que vertebra o noso territorio, que permita incrementar as medidas de protección e a inclusión progresiva de novos espazos na rede Natura e a través doutras figuras de protección.

Esixir das administracións competentes as medidas oportunas para a rexeneración ambiental da Foz e marisma do Miñor e o seu contorno, a través dun plano de actuación global que programe as distintas intervencións a desenvolver e inclúa a recuperación e posta en produción dos antigos bancos marisqueiros hoxe pechados ao consumo.

Propoñer á Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común do Val Miñor un programa de colaboración que permita a creación dun viveiro forestal de planta autóctona que permita nutrir no futuro os plans de reforestación dos montes veciñais da comarca.

Cooperar na xestión de residuos, apoiando a planta de aproveitamento de biomasa forestal da Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común do Val Miñor, para a produción de abono e compost.

Demandar da Xunta de Galiza melloras na atención sanitaria do Val Miñor, cunha ampliación dos horarios de especialidades como radioloxía, fisioterapia e da Unidade de Saúde Mental do PAC da Xunqueira. Reclamar a mellora do servizo de urxencias e do servizo de ambulancias, coa reposición da segunda ambulancia que no seu día foi retirada.

Solicitar das administracións competentes a ampliación dos servizos de atención a persoas maiores e dependentes, coa creación dun novo Centro de Día que incremente o número de prazas e atenda as necesidades crecentes que o actual Centro de día público, emprazado en Sabarís, xa non pode atender, buscando unha fórmula de xestión axeitada en beneficio das necesidades veciñais dos tres concellos.

Demandar da administración educativa da Xunta, a mellora das condicións dos centros e dos servizos en xeral e da oferta educativa nos centros de secundaria en particular, coa opción na comarca das tres modalidades de bacharelato e coa ampliación de ciclos formativos dos tres graos, promovendo aquelas especialidades que teñan maior interese para o alumnado e maior vinculación coas características do territorio, o seu medio socioeconómico e o ámbito laboral e empresarial.

Procurar fórmulas que permitan a xestión mancomunada do actual Conservatorio elemental de música, demandando á Xunta de Galiza a implantación na comarca dun Conservatorio de grao profesional.

Reforzar a cooperación dos servizos e técnicos de emprego e desenvolvemento local dos tres concellos, na ampliación da oferta de actividades e na implementación de políticas activas de emprego en beneficio do emprego xuvenil e do conxunto das persoas en situación de desemprego.

Reforzar as accións de promoción e xestión turística coa elaboración dun plano comarcal que defina accións conxuntas e complementariedades dos concellos, en beneficio dun modelo de turismo sostible.

Acordar medidas conxuntas para crear nos distintos concellos puntos de información, actuacións de musealización, roteiros locais e intermunicipais, aulas ou centros de interpretación do patrimonio cultural, natural e paisaxístico da comarca e dos seus valores principais.

Cooperar en materia sociodeportiva, procurando reforzar os servizos mancomunados con novas prestacións e buscando sistemas de uso público ao servizo do conxunto da poboación para determinadas instalacións deportivas de titularidade municipal, procurando complementar a oferta de actividades e compartir recursos.

Estudar as posibilidades de activar medios radiofónicos e audiovisuais dixitais propios que promovan a información e a comunicación sobre a comarca e para a súa veciñanza.

Un fluxo diario de decenas de miles de persoas móvese entre Vigo e os concellos da súa área por razóns de traballo, de residencia ou de aprovisionamento de servizos de todo tipo. A realidade metropolitana viguesa vai moi por diante das políticas públicas desenvolvidas para darlles resposta aos retos e necesidades que determina. A fallida creación da Área Metropolitana, supón un importante atranco para o desenvolvemento xa non só da cidade senón tamén da área. A articulación supramunicipal é indispensable para mellorar a prestación de servizos á cidadanía, e tamén para un mellor aproveitamento das oportunidades da nosa inserción no eixo Atlántico e na eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. O desenvolvemento metropolitano da área de Vigo non se pode entender en chave de confrontación, nin territorial, nin partidista.

Creación efectiva e posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo

Recuperando os consensos desde a cooperación e na procura de sinerxías co resto de concellos.

Desenvolvemento da Lei da Área Metropolitana

Dotándoa dun marco competencial claro e dun calendario de traspaso de competencias e de financiamento, por parte do Estado, Xunta e mais a Deputación provincial, que permita planificar e xestionar os servizos metropolitanos.

Creación de servizos metropolitanos

Como forma de mellorar a atención á poboación, entendendo como prioritarios, entre outros:

- _ O transporte.
- _ O saneamento e abastecemento de auga.
- _ A mancomunación de servizos esenciais.
- _ A política turística.
- _ A promoción cultural.

Agora

Baiona

Coas
ideas
claras